

Informe da Directora Xunta de Escola, 13 de xullo de 2022

1 Actividades de representación

- 20 e xuño. Asistencia da directora ao Acto de toma de posesión do Reitor da Universidade de Vigo.
- 11 de xullo. Asistencia da directora e Generosa Fernández, como Enlace de Igualdade do centro, ao Acto de entrega do Distintivo de Igualdade ao centro.

2 Reunións de traballo

- Asistencia da directora á reunión convocada polo Reitor e o Vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións sobre as titulacións do centro. Nesta reunión trasladouse o contido da reunión mantida previamente polas persoas representantes da UVIGO co Secretario Xeral de Universidades.

3 Igualdade

3.1 Participación no “II Congreso Muller e Enxeñaría”

A actividade estivo organizada polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos e Grados de Minas e Enerxía de Galicia e celebrouse en Santiago do 15 a 17 de xuño. Participaron:

- A directora, en representación do centro, o 16 de xuño como moderadora da mesa redonda “*La mujer en el ejercicio profesional en el sector minero*”.
- As alumnas do Grao ERME Alexandra Rodríguez Senra e Carla Carballal Abal, en representación do centro, na mesa redonda “*La mujer en operaciones mineras*” o día 17 de xuño.
- A profesora Luisa Álvarez como moderadora da mesa redonda “*La mujer en operaciones mineras*”.
- As egresadas do centro Uxía Sanmartín e Noelia Lameiro.

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/evento/ii-simposio-mujer-y-mineria/>

3.2 Día Internacional da Muller na Minería

Difundiuse a proposta por parte de Women in Mining do 15 de xuño como Día Internacional da Muller na Minería <https://internationalwim.org/international-day-of-women-in-mining/>

3.3 Día Internacional na muller na Enxeñaría

Con motivo do 23 de xuño, Día Internacional na muller na Enxeñaría, difundíuse a información da actividade internacional <https://www.inwed.org.uk/>

A Escola creou o concurso de relatos curtos Contos_EME, "Contos para a Escola de Minas e Enerxía"

http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/institutos/divulgacion/concursos/contos_eme-2022/

Agradécese a Generosa Fernández o labor de coordinación destas actividades e ás persoas que participaron en diferentes actividades.

4 Divulgación

4.1 Conferencias nos IES

Data	Centro	Participantes da EME	Curso	Asistentes
20/06/2022	IES Rosais 2	Benito Vázquez (Física Recreativa)	3º ESO	72

5 Sistema Garantía Calidade

5.1 Enquisas satisfacción coas titulacións

O prazo ampliouse hasta o 10 de xullo e os datos de participación finais son:

Titulación	20/21	21/22
GEE	24%	44%
GERME	29%	100%
MUEM	32%	43%

Agradécese a Guillermo García o seu traballo como Coordinador de Calidade do centro.

6 Infraestruturas e AAEE

O 29 de Xuño de 2022 abriuse o prazo de solicitudes para a dotación de laboratorios docentes unha vez aberta a partida 626.

Realizouse a memoria de xustificación de gastos da axuda concedida polo Consello Social para a realización da viaxe fin de grao da EME.

7 Actividades académicas

7.1 Defensa TFG

Na primeira convocatoria defendéronse 7 TFG no Grao EE e non se defendeu ningún TFG no Grao ERME e ningún TFM no MUEM.

7.2 Datos de preinscrición e matrícula

Grao	Curso 2020-2021			Curso 2021-2022			Curso 2022-2023		
	1ª opción	2ª opción	Total (1+2)	1ª opción	2ª opción	Total (1+2)	1ª opción	2ª opción	Total (1+2)
EE	34	24	58	20	37	57	30	46	76
ERME	2	11	13	9	9	18	7	16	23

No caso do MUEM recibíronse 7 solicitudes no primeiro prazo de preinscrición.

8 Acto de Graduación

O 17 de xuño celebrouse o Acto de Graduación da 9ª promoción do Grao en Enxeñaría da Enerxía, do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e a 7ª do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas. Os Padriños da Promoción foron os profesores Alejandro Molares (Graos) e Generosa Fernández (Máster en Enxeñaría de Minas).

Fíxose entrega dos seguintes premios:

- I Premio SOLTEC INGENIEROS, ao mellor expediente do Grao EE (8ª promoción): Xavier Simón
- Premio COITMGA, ao mellor expediente do Grao ERME (8ª promoción): Diego Sánchez
- Premio COIMNE, ao mellor expediente do MUEM (5ª promoción): Juan Jesús Rico
- Premio COIMNE, ao mellor expediente do MUEM (6ª promoción): María Pazo.

Agradécese ás persoas que participaron no desenvolvemento do acto e a María Araújo a organización do evento.